

OS DIMINUTOS MUSGAÑOS

(CONTOS DO TÍO-VIVO)

Xosé Salvadores*



© Calros Silvar e Baía Edicións, Guía dos mamíferos de Galicia.

Non teño atopado ninguén até o momento, sacando os estudosos da fauna, que soubera dicirme, e menos describirme, o que era un musgaño, muraño, furaño, ou un furafollas.

E quen son estes animalíños? Pois uns mamíferos, máis ben micromamíferos, diminutos seres duns poucos gramos de peso, cubertos dun pelo que vai desde o castaño até o negro e que, para a súa desgraza, aseméllanse moito aos ratiños ou ás cortas.

Estes pequenos mamíferos, en concreto as sete especies do noso país, teñen todos unha característica morfolóxica que a pouco que nos fixemos veremos que os fai distintos dos indeseixábeis ratos e cortas. Todos eles teñen un fociño alongado, proporcionalmente moito máis longo con relación á cabeza que o que teñen os ratiños. Ademais, estes insectívoros non teñen apenas orellas, mentres que os ratiños son todos bastante orelludos. Outra característica que os diferencia dos outros pequenos mamíferos coñecidos é a súa dentamía. Se lles abrimos a diminuta boca para verlles a dentadura, teríamos claras varias cuestións. A primeira, que non son roedores, non teñen eses incisivos sobresaíntes e robustos cos que os ratos e parentes tanto dano fan rilando aquí e acolá sen que haxa material que se lles resista. A segunda, que teñen dentadura propia dos carnívoros, concretamente dos insectívoros, cunhas queixadas cheas de pezas bucais, coma nós, e coa particularidade de que a maioría das espe-

cies teñen tintadas de vermello as cúspides dentarias pola acumulación de sales de ferro.

Ao ser sete especies diferentes, dan para que as poidamos ver desde a beira do mar até as altas montañas do oriente e en moi variados hábitats: prados, terreos de cultivo, ribeiras con pasteiros ou bosques, fragas ou simplemente onde teñan abundante cobertura vexetal. A maioría gusta dos lugares húmidos e non lle ten medo á friaxe.

Como son tan cativiños, a súa defensa non é precisamente o ataque, polo que para garantir a supervivencia da especie reproducense moito, tendo camadas numerosas e incluso dúas por ano. Levan unha vida discreta e con hábitos nocturnos, moi activos no lusco fusco. Non son doados de ver, quizais sexa esta a razón pola que son pouco coñecidos polos humanos; non así, polas cobras, rapinas nocturnas, gatos, e demais carnívoros que andan pola noite e que son os seus inimigos naturais.

Lembro, van aló moitos anos, que meu pai, facendo unha pequena limpeza dentro dun pendello que estaba no medio do monte, descubriu debaixo dunha uralita unha niñada deles. Meu pai, que non os distinguía dos ratos, desfíxose daquelas pequenas criaturas pensando que estaba axudando ao mundo a liberarse da molesta praga dos roedores; un erro perdoábel, xa que o meu proxenitor era mecánico de profesión e os amigos das máquinas e os

naturalistas andaron case sempre por camiños diferentes. O que xa non é tan comprensíbel é que xente que vive no e do campo non os coñeza porque, independentemente dos gustos, son uns aliados perfectos á hora de cultivar. Os musgaños son uns insecticidas naturais inigualábeis e sans, a custe cero, que axudan a manter á raia moitos dos insectos que ocasionan molestias e perdas económicas aos agrogandeiros.

Son animais protexidos precisamente polos beneficios que aportan e polo perigo de desaparecer, ao estar gravemente diminuídos por insecticidas e biocidas que estamos empregando nos cultivos; produtos que teñen o efecto de librarlos, momentaneamente, dos molestos insectos a costa de provocar, ao entrar na cadea trófica, mortalidades impensábeis en cantidade de insectívoros: réptiles, anfibios, paxaros ou mamíferos, e de contaminármolos a nós mesmos. É imperdoábel que os responsábeis do ambiente non fagan seguimento e campañas en defensa destes ananos do mundo natural, deixando a agra aberta ás industrias químicas para que fagan negocio a conta da xente do campo e da nosa saúde.

Houbo un tempo en que se coñecían estes humildes animalíños (mesmo alguén lles deu nome). Eran tempos nos que non había grandes industrias agroquímicas e nos que os humanos estábamos máis en contacto co medio natural. Eran tempos que non han volver, porque nada se repite, pero nós habemos seguir insistindo en que de costas a natureza o mundo leva un camiño equivocado, que vai cara unha destrución masiva, aínda que polo momento só empezara por uns diminutos animalíños que perderon o nome porque nin se sabe que existen.

* Xosé Salvadores é o vogal de Biodiversidade de ADEGA.